

ACTA FUNDACIONAL DA "FEDERACION DE ENTIDADES E ORGANIZACIONES PROTECTORAS DAS PERSOAS AUTISTAS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA"

" AUTISMO-GALICIA "

En SANTIAGO, a 16 de decembro do ano 1995, reúnense os abaixo firmantes, que se recoñecen capacidade de obrar suficiente e que actúan en representación das respectivas Entidades e Asociacións de tratamento e rehabilitación das Persoas Autistas, todas elas inscritas no Rexistro de Entidades e Asociacións correspondentes.

A seguido, os reunidos teñen un cambio de impresións, respecto a idea de constituir unha Federación de Entidades e Organizacións protectoras das Persoas Autistas da Comunidade Galega, que estará domiciliada na localidade de LAMAS DE ABADE, Rúa Raiola, 6, de SANTIAGO DE COMPOSTELA, e terá como obxeto coordinar os fins de cada unha das Entidades que integrarán a Federación, a fin de mellorar a calidade de vida das Persoas Autistas, potenciando o pleno desenvolvemento das súas capacidades individuais, actuando directamente no ámbito das súas competencias ou ben a traveso dos seus membros, mesmo dos fins que se determinarán nos seus Estatutos Sociais.

Os Promotores e Fundadores, despois dunha corta deliberación, adoitan os seguintes acordos:

Primeiro: Constituir en Rúa Raiola, 6, de LAMAS DE ABADE (SANTIAGO DE COMPOSTELA), unha Federación coa denominación de **"FEDERACION DE ENTIDADES E ORGANIZACIONES PROTECTORAS DAS PERSOAS AUTISTAS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA"** coa denominación abreviada de **AUTISMO-GALICIA**, que terá como fins os establecidos no artigo 2º dos seus Estatutos, que se acompañan, e que literalmente dice:

"Artigo 2º: A Federación perseguirá os seguintes fins:

- a) Servir de nexos de unión entre as distintas Entidades e Organizacións membros.
- b) Tratar de que cada unha das Entidades e Organizacións membros sirva o máximo ós fins previstos nos seus Estatutos.
- c) Coordinar cantas accións e iniciativas sexan precisas para a obtención de recursos a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia, das Comunidades Europeas e doutros Organismos e Federacións Estatais ou Internacionais, que redunden en beneficio das Entidades e Organizacións membros.

- d) Ser portavoz das Entidades e Organizacións protectoras das Persoas Autistas, Psicóticas e con Trastornos Graves da Personalidade.

Segundo: Aprobar os Estatutos polos que se rexirá a Federación, que foron leídos na presente xuntanza, incorporando a aqueles as modificacións acordadas.

Terceiro: Fixar o domicilio social, con carácter provisional, en Rúa Raiola, 6, de LAMAS DE ABADE (SANTIAGO DE COMPOSTELA).

Catro: Dar cumprimento o establecido na Lei de Asociacións vixente e Decreto 1440, de 2 de maio do 1965, remitindo o Goberno Civil de A Coruña, por triplicado exemplar, asinado polos representantes das Entidades e Asociacións fundadoras, copia de esta Acta cos Estatutos mencionados no acordo anterior.


Quinto: Facultar a Don Xose María Pedreira Martínez para que, en nome e representación dos Fundadores, suscriba os escritos e faga cantas xestións sexan precisas ou convintes, o seu xuízo, para obter das Autoridades competentes a inscrición da Federación que se constitúe nos Rexistros correspondentes.

Os asistentes, dando a este Acto Fundacional o carácter de primeira Asamblexa Xeral Extraordinaria, proceden a aprobar os membros que han de compoñer a primeira **XUNTA DIRECTIVA da "FEDERACION DE ENTIDADES E ORGANIZACIONES PROTECTORAS DAS PERSOAS AUTISTAS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA"**, coa denominación de **"AUTISMO-GALICIA"**, resultando elixidos por unanimidade os seguintes compoñentes, para ocupar os cárgos que se sinalan:

- 1.- PRESIDENTE : D. RICARDO TOUCEDA COUSELO
2.- VICE-PRESIDENTE: D. CIPRIANO L. JIMENEZ CASAS
3.- SECRETARIO : D. XOSE MARIA PEDREIRA MARTINEZ
3.- TESOUREIRO : D. JOSE M. VARELA RODRIGUEZ
4.- VOCAL : D^a MARIA JOSE FERRADANS VILLAR
5.- VOCAL : D. FAUSTO GARCIA REY
6.- VOCAL : D. JOSE ANTONIO GARCIA VILLAR

O mandato da Xunta Directiva, será de **CATRO ANOS**, a partires da toma de posesión dos seus cárgos, en conformidade co establecido nos Estatutos Sociais.


En proba de conformidade, asíñase esta elección por parte de todos os asistentes a esta xuntanza fundacional e primeira Asamblea Xeral Eztraordinaria, na cidade de Santiago, a dezaseis de decembro do ano mil novecentos noventa e cinco.



Sdo. **CIPRIANO JIMENEZ CASAS**
D.N.I. 35.195.099
Asociación: CASTRO-NAVAS



Sdo. **JOSE M. VARELA RODRIGUEZ**
D.N.I. 36.057.179
Asociación: MENELA




Sdo. **MARIA JOSE FERRADANS VILLAR**
D.N.I. 35.985.182
Asociación: APACAF


Sdo. **FAUSTO GARCIA REY**
D.N.I. 32.434.840
Asociación: BATA



Sdo. **RICARDO TOUCEDA COUSELO**
D.N.I. 33.145.678
Asociación: ASPANAES



Sdo. **JOSE A. GARCIA VILLAR**
D.N.I. 35.268.647
Asociación: ASPANAES



Sdo. **XOSE M. PEDREIRA MARTINEZ**
D.N.I. 32.313.850
Asociación: ASPANAES